



Recomendación dirixida ao Concello da Coruña referente a bonificacións no suministro da auga

Expediente: E.6.Q/4074/23

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2023

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente ao retraso dunha bonificación nos pagos do servizo de auga potable na Coruña.

ANTECEDENTES

1.No escrito indica:

“...reclamación pola resposta que recibín de EMALCSA sobre a solicitude de “bonificación por ingresos” a aplicar na miña factura de auga do domicilio onde resido. O pasado 30/01/2023 enviei un mail á compañía de augas da Coruña onde lles solicitaba información sobre a posible aplicación de bonificación na miña factura, ben por ingresos ben pola miña situación familiar. Na resposta a ese mail que recibín polo mesmo medio, indícanme que no caso da bonificación por ingresos, debo de presentar tamén os correspondentes ao meu ex-marido, a pesar de explicarlles que estou divorciada e que no meu domicilio NON vive el. Aínda que é certo no padrón actual que achego segue figurando porque el non quixo darse de baixa. Fun eu a que iniciou ese trámite que pode demorarse aproximadamente un ano para que sexa efectivo, así mo indicaron desde o mesmo Concello onde cursei o trámite. Os meus ingresos diminuíron notablemente porque a miña situación laboral pasou por diferentes etapas: ERE, paro...e o meu ex-marido NON convive comigo. Agradezo que valoren positivamente a miña solicitude ante EMALCSA para optar á bonificación por ingresos que tería no caso de que consideren só os das persoas que residen no meu domicilio (eu mesma), porque os meus dous fillos son menores e comparto co seu pai a custodia, polo que tampouco recibo pensión compensatoria, o meu ex-marido que NON convive comigo non iniciou por el mesmo a solicitude de cambio de padrón (algo que sería de efecto inmediato) en cambio ao ser eu a que iniciou a súa eliminación debo de esperar o prazo que o Concello de Coruña deume para a súa xestión definitiva (un ano) co que ata o 2024 non podería solicitar nin beneficiarme de ningún desconto na miña tarifa de auga”.

2. Ante iso requirimos información ao Concello da Coruña, que informou o seguinte:

“En resposta á petición de informe recibida en Emalcsa o 10 de abril de 2023, da que nos dá traslado o Concello da Coruña e cuxo contido se inclúe no documento adxunto, emitimos o seguinte INFORME:

O 30 de xaneiro de 2023 recíbese correo electrónico de XXX de asunto "solicitudes posibles bonificacións tarifa auga". Este correo incluía a seguinte documentación: Formulario solicitude aplicación bonificación tarifa auga por ingresos. Formulario solicitude aplicación bonificación en tarifa auga por familia monoparental. Padrón municipal ao 30 de xaneiro de 2023 Copia de NIF. Convenio regulador Sentencia divorcio.

O 14 de marzo 2023 infórmase á interesada dos requisitos establecidos na ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola subministración e utilización de auga potable e servizos auxiliares no termo municipal da Coruña para a obtención de bonificacións por ingresos e por familia monoparental.

No artigo 3.2 da mencionada ordenanza defínense as tarifas reducidas e os requisitos necesarios para a súa concesión.

Art. 3.2 Tarifas reducidas. Para ter dereito á obtención destes beneficios, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos: -Que o usuario sexa titular do contrato da subministración -Que o usuario se atope empadroado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio. Os ingresos familiares entenderanse como ingresos na unidade convivencial, entendendo por tales todos os dos empadroados na vivenda, así como os daqueles que residen habitualmente na vivenda e poidan xustificarse por calquera medio válido en Dereito.

Art. 3.2.5 Tarifa para familias numerosas ou monoparentais No caso de familias monoparentais deberán acompañar á solicitude certificado emitido pola Xunta de Galicia ou órgano da comunidade autónoma correspondente equivalente que acredite a condición de familia monoparental. Quérese deixar constancia de que en solicitude do 30 de xaneiro a reclamante non presenta documentación que acredite ingresos nin familia monoparental que poidan determinar o dereito á obtención dalgún de beneficios na tarifa.”

3. O concello confirmou que para acceder ao beneficio require computar os ingresos tendo en conta a todas as persoas empadroadas na vivenda, sen admitir ningún outro medio de proba en contrario.

A reclamante sinalaba que cando é involuntario, como neste caso, o procedemento de cambio do padrón municipal para excluír á persoa que xa non vive na vivenda familiar pola previa disolución do matrimonio tarda moito, co que se ocasiona un claro prexuízo.

Polo sinalado requirimos do concello que con urxencia facilitara información complementaria sobre os anteriores extremos. O Concello da Coruña sinala o seguinte:

“O 29.05.2023 o Concello da Coruña recibiu, a través do rexistro electrónico municipal (identificador RMPE170VI9 e número 40833/2023), oficio remitido pola Valedora do Pobo..., no que se comunicaba a recepción dun escrito de queixa presentado por ..., en relación coa aplicación dunha bonificación na tarifa a pagar pola prestación do subministro de auga potable.

Solicitado informe ao respecto á Xefatura do Servizo de Atención Cidadá e Interior, dependente da Dirección da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, o que informan en data 08.06.2023 é o seguinte, do cal se lle dá traslado:

“INFORME DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ E INTERIOR EN RESPONDA AO OFICIO DA VALEDORA DO POBO SOBRE UN ESCRITO DE QUEIXA PRESENTADO POR XXX EN RELACIÓN COA APLICACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN NA TARIFA POLA PRESTACIÓN DO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE

ANTECEDENTES:

O Concello da Coruña recibiu o 29.05.2023, a través do rexistro electrónico municipal, un oficio da Valedora do Pobo, con identificador ..., número de rexistro ... e número de expediente E.6.Q/4074/23, no que se comunicaba a recepción dun escrito de queixa presentado por XXX, en relación coa aplicación dunha bonificación na tarifa a pagar pola prestación do subministro de auga potable.

A Valedora do Pobo reproduce de forma extractada no seu escrito a queixa formulada:...

A institución autonómica sinala, a continuación, que “faise preciso requirir deste concello que con urxencia facilite información complementaria sobre o anterior extremo, en concreto sobre a causa da tardanza na modificación do censo para acceder ao beneficio fiscal sinalado, sobre as medidas adoptadas ou previstas, e sobre as demais circunstancias relevantes”. En consecuencia, solicita do Concello da Coruña a emisión dun informe complementario.

Visto o devandito oficio da Valedora do Pobo, INFÓRMASE:

ANTECEDENTES

XXX, con DNI XXX, solicita o 18/01/2023 ao Concello da Coruña a baixa de oficio do seu ex marido, XXX, con DNI XXX, do seu domicilio da rúa XXX, número X, por non convivir xa con ela por motivo do seu divorcio. Xunto á dita solicitude, achega a sentenza de divorcio e o convenio regulador no que se recolle no Punto IV o seguinte:

“Uso do que foi domicilio familiar - No que foi domicilio familiar situado en rúa XXX, nº X, desta cidade da Coruña seguirá vivindo XXX, xa que é da súa propiedade privativa, e XXX xa fixou un novo domicilio nesta cidade, rúa XXX, X”.

As solicitudes de baixa de oficio teñen un procedemento legalmente definido que, de xeito resumido, é o seguinte:

- *Notificación á persoa que ten que darse de baixa.*
- *No caso de non ser posible a primeira notificación, debe facerse un segundo intento.*
- *De non poder practicarse a dita notificación, elaboración dun decreto para ordenar que a proposta de baixa sexa publicada no BOE.*
- *Publicación no BOE.*
- *Transcurso do prazo para presentar alegacións.*
- *Remisión da proposta de baixa de oficio ao Consello de Empadramento, adscrito ao Instituto Nacional de Estatística (INE) para o seu informe.*
- *Emisión de informe (favorable/desfavorable) deste Consello de Empadramento, que se reúne unha vez ao mes para informar.*
- *Despois do informe favorable, tramítase o decreto definitivo de baixa que reflecta a modificación do padrón.*

III. De acordo co procedemento exposto no parágrafo anterior, o Concello da Coruña procedeu a tramitar a baixa de oficio no padrón de XXX:

-O 19/01/2023 abriuse expediente de baixa de oficio co número ... a XXX no que se realizaron os dous intentos de notificación que esixe a lexislación vixente. A primeira notificación ten data do 30/01/2023, foi recollida por XXX ao non vivir o interesado nese enderezo. A segunda notificación emitíuse o 14/02/2023, e consta a súa entrega o 03/03/2023, tamén a XXX.

-Unha vez efectuadas as dúas tentativas de notificación, que resultaron infrutuosas, procedeuse á tramitación desa notificación por medio da inclusión dun anuncio no BOE, que se realiza mediante a agrupación de todos os expedientes de baixas de oficio listos nese momento para a súa remisión ao BOE. O 30/05/2023 elaborouse o correspondente edicto previo, polo que se ordena a citada publicación no BOE.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

A lexislación aplicable é a seguinte:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

-Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.

-Resolución do 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal.

SITUACIÓN ACTUAL DO EXPEDIENTE

XXX solicitou cita nas oficinas municipais do Concello da Coruña para proceder ao cambio do domicilio o 05/06/2023. O devandito cambio tramitouse nesa data e, no momento da emisión deste informe, o Concello da Coruña está levando a cabo os trámites correspondentes para notificarlle o cambio de domicilio de XXX a XXX.

En conclusión, a materialización das baixas de oficio no padrón municipal do Concello da Coruña non é instantánea nin automática, posto que require dun procedemento, coas súas correspondentes fases e prazos de tempo, cuxas especificidades veñen marcadas pola lexislación estatal vixente na materia. Esta Administración local debe cumprir, loxicamente, ese procedemento, e garantir en todo momento os dereitos dos/das veciños/as do municipio a formalizar a súa inscrición no padrón. O padrón municipal é o rexistro administrativo onde figuran os e as veciños e veciñas do noso municipio; os seus datos constitúen proba da residencia no concello e do domicilio habitual no mesmo, o cal ten importantes repercusións en actuacións administrativas de diversa índole e, especialmente, na elaboración do censo no que constan as persoas que poden exercer o dereito ao voto nas diferentes convocatorias de eleccións. De aí que calquera procedemento que afecte ao padrón sexa o máis garantista posible.”

ANÁLISE

- 1. No curso da queixa non se puxo en dúbida a legalidade do procedemento para a modificación involuntaria do empadramento das persoas, neste caso do ex-marido da afectada. O que se poñía de relevo era que o procedemento era complexo e en consecuencia tardaba moito, o que o informe municipal confirma.*
- 2. Como consecuencia do anterior resulta cuestionable a oportunidade da normativa municipal á hora de aplicar as bonificacións das facturas do servizo de subministración de auga.*

Para acceder ao beneficio que tratamos se computan os ingresos tendo en conta a todas as persoas empadroadas na vivenda, sen admitir ningún outro medio de proba en contrario. Efectivamente, a ordenanza sinala, no relativo as tarifas reducidas (art. 3) que “para ter dereito á obtención destes beneficios, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos: -Que o usuario sexa titular do contrato de subministro -Que o usuario atópese empadroadado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio. Os

ingresos familiares se entenderán como ingresos na unidade convivencial, entendendo por tales todos os dos empadroados na vivenda, así como os de aqueles que residan habitualmente na vivenda e podan xustificarse por calquera medio válido en Dereito”.

É dicir, a ordenanza permite o uso de medios varios para acreditar formar parte da unidade familiar que habita a vivenda aos efectos de aumentar o número de persoas que contan e computan aos efectos do establecemento da renda conxunta, pero non para excluír as persoas que xa non forman parte da unidade familiar convivente, pero que non déronse de baixa do padrón na anterior residencia polas circunstancias postas de relevo, fundamentalmente o dilatado do procedemento involuntario.

3. No caso que tratamos o propio informe sinala que na sentenza de divorcio e o convenio regulador consta que “no que foi domicilio familiar situado en rúa XXX, nº X, desta cidade da Coruña seguirá vivindo XXX, xa que é da súa propiedade privativa, e XXX xa fixou un novo domicilio nesta cidade, rúa XXX, X”.

Porén, o anterior, que resulta suficientemente acreditado, sen embargo non se ten en conta para conceder o beneficio que tratamos debido á redacción da ordenanza, que establece unha única forma -o cambio de empadroamento- para a exclusión dun anterior membro da unidade de convivencia aos efectos da aplicación dos beneficios económicos previstos na propia ordenanza.

Ademais, como indicamos, iso se contradí co previsto na mesma ordenanza cando establece as condicións para engadir persoas a unidade de convivencia, suposto no que permite facelo “por calquera medio válido en Dereito”.

4. Do anterior resultou o prexuízo que é obxecto da queixa. O suposto afectou a unha muller (xa non lle afecta, posto que rematou o procedemento de cambio do padrón), e en supostos similares afectará tamén ás mulleres que se atopen na mesma situación, polo que parece convinte a revisión da normativa municipal no aspecto avaliado.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar ao Concello da Coruña a seguinte recomendación:

Que se promova a modificación da ordenanza municipal que regula os pagos polo servizo de subministro e uso de auga potable no relativo as condicións de acceso a tarifas reducidas, de tal forma que se permita acreditar a composición da unidade de convivencia por medios adecuados diferentes ao padrón e con iso se eviten situacións prexudiciais como a que tratamos na presente queixa.



Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo